

UNHA NOVA ESTRELA NO BELÉN DE BEGONTE

TRINTA

Cando o sol quente de cheo, no tempo de verán, naceu unha estrela. Ó longo dos días foi medrando, escomezou a súa andadura por un firmamento de liberdade e de harmonía con toda a creación. Pero, era ben certo que tiña que buscar un camiño para ir alumeando neste cosmos con demasiada escuridade sabendo da posibilidade de pertencer á Via Láctea, Camiño de Santiago; escomezando de súpeto a danzar derriba do mar, e logo de mirarse no espello das augas que reflexan a luz do faro de punta Candieira, voou por riba da Capelada. Alí, atopou outros luceiros que a convidaron a formar parte do seu grupo, indicándolle tamén que tiña que ir a unha igrexiña e alí poñer o seu nome. Elas con algarabía dixeronlle que eran as esterlinas do Camiño de San Andrés de Lonxe. A nosa estrela entrou no lugar santo e tomou o nome de Andrea e de seguido bebeu dos tres canos para seguir polo mundo como lumieira do Santo Apóstolo.

Xa de conversa con outras estrelas, decidiu ir ás terras de Begonte para alumear un belén, onde aprender daquela xente un fermoso xeito de vivir.

Andrea correu e brincou por un ceo de néboa e cores, deténdose no lugar onde estaba o fermoso belén.

A estreliña entrou nun mundo máxico e entre lóstregos e folerpas de neve cruzouse cun anxo que viaxaba polo firmamento. Alí era posible observar a felicidade daquela xente: os zoqueiros co seu son, o panadeiro co seu ben facer do alimento de cada día, o ferreiro dándolle maña ós ferros, a velliña co fuso convertindo o liño, o carpinteiro petando na madeira

e no muiño unha muller a peneira-lo no trigo; máis perto da montaña uns pastores coidando as súas ovellas e quentándose no lume que fumea paseniñamente. Aló cerca do río que acariña as pedras e as follas das árbores unha labrega tende a roupa coas meixelas coloradas.

Andrea entende que toda ésta xente recolle a luz das estrelas para alumear a súa vida e convivir en harmonía. Toda ésta xentiña está no belén porque nunha corte, no máis humilde recuncho, naceu o neno Deus. Eles que eran xente de bó corazón o atoparon. Andrea tamén descubriu que nun castelo era imposible entrar a levarlles luz, xa que o rei que alí vivía, pechado no seu egoísmo, non quería ver a bondade e o ben. A estreliña sentía moita pena por-

que elas alumear ás xentes para que vexan o bó da vida.

Andrea foi de présa e chegou ó portal, alí de xeonllos achegouse a Xesús e deulle gracias por aprender de toda aquela xente de Begonte un estilo fermoso de vida, buscando na sinxeleza, na convivencia, no respecto e na harmonía e así poder compartir o amor.

Sería un bó desexo que cada ano novas estrelas aprendesen no belén de Begonte un xeito de ser felices e ó mesmo tempo nos transmitan luz para nós; mentres lembramos a outras como D. Xosé Domínguez Guizán que alumearon o noso belén e agora están sendo luz nun lugar de vida e paz.